

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

RESOLUCIÓN do 16 de maio de 2018, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se adxudican as axudas da Orde do 31 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2018.

A Orde do 31 de decembro de 2017 (DOG núm. 26, do 6 de febreiro) establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas de apoio á etapa predoutoral da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Axencia Galega de Innovación (en diante, Gain), en réxime de publicidade, obxectividade e concorrência competitiva. O obxecto do Programa de apoio á etapa predoutoral é outorgar axudas ás universidades do SUG, aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) e o IEO (Instituto Español de Oceanografía) radicados en Galicia que contraten persoas tituladas superiores para a súa formación como doutores e doutoras nos seus centros, con dúas modalidades.

No artigo 2 da orde de convocatoria determínase quen poden ser beneficiarios e os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas ás axudas do Programa de apoio á etapa predoutoral.

De acordo co establecido no artigo 9 da convocatoria, unha vez analizadas as solicitudes, publicáronse as listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas e as entidades solicitantes tiveron un prazo de dez días naturais para formular reclamacións para emendar erros e falta de documentos das persoas interesadas ante a Secretaría Xeral de Universidades ou ante a Gain, segundo a entidade solicitante. Unha vez que se recibiu e se examinou esta documentación, publicouse a lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

A avaliación das persoas candidatas faise en función dos méritos acreditados nas letras a), b), c), e d) do artigo 10 da orde de convocatoria, e da puntuación correspondente á ade-



cuación do proxecto ás liñas estratéxicas definidas no anexo I da convocatoria (letra e) do mesmo artigo), outorgada por un equipo de expertos externos ao Sistema universitario de Galicia (SUG). Esta puntuación final, xunto cos seus valores desagregados, achegóuselle á comisión de selección definida no artigo 11 da orde de convocatoria, que elaborou un informe para os órganos instrutores no que figuran as entidades beneficiarias, xunto coa prelación das persoas candidatas a seren destinatarias das axudas, e as listas de espera para posibles substitucións.

A competencia para resolver estas axudas correspóndelles conxuntamente á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e á persoa titular da presidencia da Gain, de acordo co artigo 12 da convocatoria.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 10 das bases da convocatoria e atendendo á proposta de concesión elevada polos órganos instrutores a partir do informe da comisión de selección reunida o día 9 de maio de 2018, a través da Secretaría Xeral de Universidades e da Gain,

RESOLVEMOS:

Primeiro. Conceder as axudas de apoio á etapa predoutoral convocadas pola Orde do 31 de decembro de 2018 ás entidades que contraten as persoas seleccionadas para unha praza do Programa de apoio á etapa predoutoral que se relacionan no anexo III, na modalidade e coa contía que se indican no dito anexo.

Segundo. As solicitudes non incluídas na resolución de concesión entenderanse denegadas ou desestimadas.

Terceiro. As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 e anos sucesivos, de acordo coa seguinte distribución segundo a estrutura de pagamentos recollida no artigo 15 das bases da convocatoria:

Modalidade A (universidades do SUG): 50 axudas.

Modalidade A							
Aplicación orzamentaria	Universidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
			2018	2019	2020	2021	Total
10.40.561B.444.0 FSE (2015 00436)	UDC	12	108.385,20	260.124,48	260.124,48	151.739,28	780.373,44



Modalidade A							
Aplicación orzamentaria	Universidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
			2018	2019	2020	2021	Total
10.40.561B.444.0 FSE (2015 00436)	USC	22	198.706,20	476.894,88	476.894,88	278.188,68	1.430.684,64
10.40.561B.444.0 FSE (2015 00436)	UVIGO	16	144.513,60	346.832,64	346.832,64	202.319,04	1.040.497,92
Total FSE		50	451.605,00	1.083.852,00	1.083.852,00	632.247,00	3.251.556,00
10.40.561B.444.0 FP (2016 00129)	UDC	12	21.898,08	73.875,52	33.875,52	11.977,44	141.626,56
10.40.561B.444.0 FP (2016 00129)	USC	22	40.146,48	166.105,12	62.105,12	21.958,64	290.315,36
10.40.561B.444.0 FP (2016 00129)	UVIGO	16	29.197,44	101.167,36	45.167,36	15.969,92	191.502,08
Total FP		50	91.242,00	341.148,00	141.148,00	49.906,00	623.444,00
Total modalidade A SUG		50	542.847,00	1.425.000,00	1.225.000,00	682.153,00	3.875.000,00

Modalidade A (demais entidades): 7 axudas.

Modalidade A							
Aplicación orzamentaria	Entidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
			2018	2019	2020	2021	Total
09.A3.561A.480.0	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	7	75.998,58	193.500,00	171.500,00	95.501,42	536.500,00
Total modalidade A outras entidades		7	75.998,58	193.500,00	171.500,00	95.501,42	536.500,00

Modalidade B (universidades do SUG): 40 axudas.

Modalidade B							
Aplicación orzamentaria	Universidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
			2018	2019	2020	2021	Total
10.40.561B.444.0 FP (2016 00129)	UDC	4	38.394,44	98.000,00	86.000,00	47.605,56	270.000,00
10.40.561B.444.0 FP (2016 00129)	USC	28	268.761,08	708.000,00	602.000,00	333.238,92	1.912.000,00
10.40.561B.444.0 FP (2016 00129)	UVIGO	8	76.788,88	186.000,00	172.000,00	95.211,12	530.000,00
Total modalidade B SUG		40	383.944,40	992.000,00	860.000,00	476.055,60	2.712.000,00



Modalidade B (demais entidades): 3 axudas.

Modalidade B							
Aplicación orzamentaria	Entidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
			2018	2019	2020	2021	Total
09.A3.561A.403.0	Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT) do CSIC	1	9.598,61	25.500,00	21.500,00	11.901,39	68.500,00
09.A3.561A.403.0	Instituto Español de Oceanografía	1	9.598,61	25.500,00	21.500,00	11.901,39	68.500,00
09.A3.561A.480.0	Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	1	9.598,61	27.500,00	21.500,00	11.901,39	70.500,00
Total modalidade B outras entidades		3	28.795,83	78.500,00	64.500,00	35.704,17	207.500,00

Na modalidade A desta convocatoria o importe dos contratos das persoas seleccionadas nunha universidade do SUG, incluídos os seus custos sociais, estará cofinanciado parcialmente con fondos do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, nunha porcentaxe do 80 %, dentro do obxectivo temático 10 «Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente», prioridade de investimento 10.02 «A mellora da calidade, a eficacia e o acceso da educación superior e ciclos equivalentes co fin de mellorar a participación e o nivel de instrución, especialmente para persoas desfavorecidas», obxectivo específico 10.02.01 «Aumentar o número de alumnos de posgrao ou titulados universitarios que obteñen formación no ámbito da I+D+i, fomentando o desenvolvemento de actividades en rede con centros tecnolóxicos, de investigación e empresas, con énfase na participación de mulleres».

De acordo co establecido no artigo 22 das bases da convocatoria e a vinculación de créditos que rexe para as axencias conforme a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os créditos da Gain adecuáronse á natureza xurídica das entidades beneficiarias.

Cuarto. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no caso de solicitudes presentadas por unha universidade do SUG, ou ante a persoa titular da presidencia de Gain nos restantes casos, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directa-

CVE-DOG: cf5llei3-5bj8-izr3-j8s9-octr8ojfbvb8



mente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

ANEXO I

Condicións xerais

Primeiro. Establecer as condicións xerais e particulares da subvención que se especifican nos anexos III e IV.

Segundo. Todas as solicitudes que figuran nos anexos III e IV desta resolución cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria. Así mesmo, as solicitudes que non figuran relacionadas nos citados anexos entenderanse denegadas ou desestimadas.

Terceiro. Todas as entidades beneficiarias presentaron a declaración de ter capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para cumprir as condicións que se establecen na convocatoria.

Cuarto. Establecer unha lista de agarda en cada modalidade e para cada órgano instructor, que se inclúe como anexo IV, para determinar posibles substitucións, segundo os criterios recollidos no artigo 11.6. Nesta lista figuran por orde decrecente de puntuación as solicitudes que non acadaron a puntuación suficiente para seren adxudicatarias da axuda pero que teñen unha puntuación igual ou superior á mínima establecida pola comisión de selección.

Quinto. A data de comezo dos contratos será o 31 de maio de 2018, agás para as persoas non comunitarias, que poderán asinar o contrato ata o 31 de agosto de 2018.

Sexto. As entidades beneficiarias deberán remitir un escrito de aceptación da axuda á Secretaría Xeral de Universidades, no caso das universidades do SUG, ou á Gain no caso das demais entidades indicadas no artigo 2 da convocatoria, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e vincularán as persoas seleccionadas aos seus organismos mediante a formalización do correspondente contrato.

Sétimo. O artigo 15 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustifi-

CVE-DOG: cf5llei3-5bj8-izr3-j8s9-octr8ojfbvb8



cacións correspondentes adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación e serán as perceptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

ANEXO II

Condicións particulares

Primeiro. Para as universidades do SUG, na modalidade A desta convocatoria o importe dos contratos das persoas seleccionadas, incluídos os seus custos sociais, estará cofinanciado parcialmente con fondos do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, nunha porcentaxe do 80 %, dentro do obxectivo temático 10 «Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente», prioridade de investimento 10.02 «A mellora da calidade, a eficacia e o acceso da educación superior e ciclos equivalentes co fin de mellorar a participación e o nivel de instrución, especialmente para persoas desfavorecidas», obxectivo específico 10.02.01 «Aumentar o número de alumnos de posgrao ou titulados universitarios que obteñen formación no ámbito da I+D+i, fomentando o desenvolvemento de actividades en rede con centros tecnolóxicos, de investigación e empresas, con énfase na participación de mulleres».

Segundo. De acordo co modelo de custos simplificados vinculado a esta convocatoria, o Fondo Social Europeo financiará ata un máximo de 21.677,04 euros anuais do custo total de cada axuda da modalidade A.

Terceiro. As universidades do SUG beneficiarias da modalidade A están obrigadas ao cumprimento da normativa comunitaria aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao

CVE-DOG: cf5llei3-5bj8-izr3-j8s9-octr8ojfbvb8



Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, así como no Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo, onde se establecen, entre outros, requisitos en materia de igualdade de oportunidades, ambiente e innovación social.

Cuarto. As universidades do SUG beneficiarias da modalidade A quedan obrigadas a asegurarse de que os gastos declarados son conformes coas normas aplicables, se é o caso, e que non existe dobre financiamento do gasto con outros réximes comunitarios ou nacionais, así como con outros períodos de programación do Fondo Social Europeo.

Quinto. Requírese a concreción do adecuado rexistro dos datos de seguimento e avaliación da actuación, tanto para a acreditación da realidade da actuación, como para recoller datos completos das persoas participantes e entidades beneficiarias polas operacións precisos para dar cumprimento aos requisitos de subministración de información a través dos indicadores de execución e de produtividade (UE) nº 1304/2013 (anexo I, de especificacións de indicadores desta autorización), garantindo que se indisporá de datos dos destinatarios últimos das actuacións a nivel de microdato, así como se poderá realizar un adecuado seguimento do cumprimento dos indicadores de resultados recollidos no anexo I do Regulamento 1304/2013.

Sexto. Infórmase a persoa ou entidade beneficiaria de que a aceptación da subvención comunitaria implicará a súa aparición na lista pública de operacións cos nomes dos beneficiarios ou das beneficiarias, no suposto de seren entidades xurídicas, así como a outra información recollida no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013, que será obxecto de publicación electrónica ou por outros medios segundo o previsto no artigo 115.2 da mesma norma xurídica.

Sétimo. No caso das axudas da modalidade A cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, coa primeira xustificación deberase achegar información dos indicadores de execución e de produtividade sobre as entidades e os participantes a que se refire o anexo I do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo. Do mesmo xeito, coa última xustificación as universidades beneficiarias deberán presentar os indicadores de resultado inmediatos a que se refire o anexo I do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de setembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo.

CVE-DOG: cf5llei3-5bj8-izr3-j8s9-octr8ojfbvb8



A Administración poderá requirir a actualización destes datos no prazo de seis meses desde a última xustificación, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito regulamento.

Oitavo. Obriga a manter un sistema de contabilidade diferenciado para todos os ingresos relacionados coas operacións.

Noveno. Require acreditar ante a autoridade de xestión ou, se é o caso, o organismo intermedio a realización da actividade e facilitar as comprobacións encamiñadas a garantir a correcta realización do proxecto ou acción obxecto da axuda, achegando, para o efecto, canta documentación lle fose requirida no seu procedemento de verificación, tanto administrativa como sobre o terreo, un conxunto representativo das actuacións e operacións que se están levando a cabo.

Décimo. Comporta, así mesmo, someterse a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que realice a unidade administradora do Fondo Social Europeo, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das súas intervencións delegadas, o Consello de Contas de Galicia, os órganos de control da Comisión Europea ou o Tribunal de Contas Europeo, de acordo co establecido na normativa aplicable á xestión das axudas cofinanciadas con fondos comunitarios, para o cal achegarán canta información lle sexa requirida.

Décimo primeiro. Conforme o artigo 140 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, comporta conservar e custodiar a documentación xustificativa dos gastos durante un prazo de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídos os gastos da operación.

Décimo segundo. Comporta a obriga de colaborar co organismo intermedio na elaboración dos informes de execución anual e final correspondentes.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

Francisco Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego
e Industria e presidente da Axencia
Galega de Innovación

CVE-DOG: cf5llei3-5bj8-izr3-j8s9-octr8ojfbvb8



ANEXO III Axudas concedidas

• Modalidade A.

Universidade da Coruña.

Nº de expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
ED481A-2018/210	UDC	Romero	Montero	Alejandro	*****341S	2	10,3227
ED481A-2018/156	UDC	Laport	López	Francisco	*****188S	2	10,0799
ED481A-2018/270	UDC	Freire	Castro	Borja	*****904X	1	9,8135
ED481A-2018/205	UDC	Miranda	Duro	María del Carmen	*****439D	3	9,6029
ED481A-2018/164	UDC	Sánchez	Piñero	Joel	*****886Y	2	9,5560
ED481A-2018/191	UDC	Novo	Díaz	Silvia	*****372W	2	9,0966
ED481A-2018/168	UDC	Noceda	Davila	Diego	*****557E	2	9,0130
ED481A-2018/150	UDC	Delgado	Lobete	Laura	*****845D	2	8,7596
ED481A-2018/147	UDC	Montes	Montes	Rebeca	*****268T	3	8,4962
ED481A-2018/159	UDC	Méndez	Vázquez	Santiago	*****165Y	-	8,3229
ED481A-2018/193	UDC	Pena	Bonhome	Celia	*****609A	2	8,2369
ED481A-2018/198	UDC	Méndez	Sanmartín	Cristian	*****815G	-	8,1319

Universidade de Santiago de Compostela.

Nº de expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadia	Puntuación
ED481A-2018/116	USC	Gallego	Gómez	Iván	*****230B	3	11,4256
ED481A-2018/199	USC	Zumalave	Duro	Sonia	*****215M	2	10,6390
ED481A-2018/277	USC	Fernández	Fuentes	Xosé	*****171D	2	10,6141
ED481A-2018/146	USC	Cores	Costa	Daniel	*****526K	2	9,9808
ED481A-2018/095	USC	Pensado	López	Alba	*****551B	2	9,8362
ED481A-2018/114	USC	Rivera	Chao	Eva	*****960V	3	9,6831
ED481A-2018/047	USC	Berrecoso	Cuñá	Germán	*****171Q	2	9,6791
ED481A-2018/143	USC	Pedrosa	Sánchez	María Ángeles	*****304S	2	9,6644
ED481A-2018/041	USC	Carreira	Rodríguez	Raquel	*****062Z	2	9,3928
ED481A-2018/180	USC	Gallego	Fontenla	Víctor José	*****878L	2	9,1335
ED481A-2018/013	USC	López	Bueno	Carlos	*****721F	3	9,0334
ED481A-2018/082	USC	Agostini	Infante	Pedro Augusto	*****264D	2	8,9192
ED481A-2018/094	USC	Bugallo	Codeseira	Yaiza	*****353A	3	8,9180
ED481A-2018/032	USC	Rodríguez	Fernández	Carlos Damián	*****347V	2	8,6517
ED481A-2018/042	USC	Lama	Díaz	Tomás	*****181L	2	8,6141
ED481A-2018/131	USC	Casas	Quiroga	Lucía	*****688F	3	8,5143
ED481A-2018/113	USC	Kennes	Veiga	David Manuel	*****618G	3	8,2541
ED481A-2018/110	USC	Vidal	Freire	Santiago	*****072Z	2	8,2284



Nº de expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadía	Puntuación
ED481A-2018/014	USC	Santos	Rosales	Víctor	*****364K	2	8,2268
ED481A-2018/034	USC	Velasco	Rubio	Álvaro	*****308S	3	8,2206
ED481A-2018/212	USC	Crego	Martínez	Óscar	*****109H	3	8,1624
ED481A-2018/105	USC	Arana	Díaz	Álvaro Jesús	*****145A	2	8,1399

Universidade de Vigo.

Nº de expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadía	Puntuación
ED481A-2018/328	UVIGO	Mariño	López	Andrea	*****050C	2	10,9523
ED481A-2018/303	UVIGO	Tomás	López	Laura	*****452K	2	10,1573
ED481A-2018/230	UVIGO	Martínez	Pérez	Amparo	*****237G	1	9,5420
ED481A-2018/336	UVIGO	Ramírez	Parracho	Tomás	*****107X	1	9,5388
ED481A-2018/331	UVIGO	Salgueiro	Otero	Diego	*****083F	3	9,4349
ED481A-2018/302	UVIGO	Bea	Mascato	Brais	*****193E	2	9,4291
ED481A-2018/296	UVIGO	Heres	Gozalbes	Pablo	*****056K	3	9,4078
ED481A-2018/207	UVIGO	Estévez	Bastos	Pablo	*****259A	3	9,3187
ED481A-2018/287	UVIGO	Iglesias	Prado	José Ignacio	*****529Y	2	9,2785
ED481A-2018/294	UVIGO	Diego	González	Lara	*****202E	1	9,2484
ED481A-2018/289	UVIGO	Martínez	Schönemann	Alexandre	*****119D	2	9,1747
ED481A-2018/300	UVIGO	Rico	Castro	Xiana	*****178S	2	9,0434
ED481A-2018/288	UVIGO	Justel	Díez	Maider	*****740E	3	8,6514
ED481A-2018/215	UVIGO	Iglesias	Rodríguez	José	*****389M	2	8,6315
ED481A-2018/304	UVIGO	Lago	Docampo	Mauro	*****827J	2	8,4185
ED481A-2018/305	UVIGO	Sánchez	Mendoza	Manuel José	*****066G	-	8,2628

Outras entidades.

Nº de expediente	Entidad	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona	Puntuación
IN606A-2018/007	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Camino	Martínez	Tamara	*****373G	2	9,4858
IN606A-2018/015	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Guillán	Fresco	María	*****222Y	3	9,4517
IN606A-2018/019	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Hurtado	Blanco	Pablo	*****411A	-	8,9784
IN606A-2018/035	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Zurita	González	María Jesús	*****907M	2	8,8139



Nº de expediente	Entidad	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona	Puntuación
IN606A-2018/026	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Mondelo	Macía	Patricia	*****396S	2	8,6215
IN606A-2018/024	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	López	Novo	Anael	*****681L	-	8,4822
IN606A-2018/031	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Rodríguez	Pérez	Manuel	*****274B	2	8,4238

• Modalidade B.

Universidade da Coruña.

Nº de expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481A-2018/162	UDC	Araneda	Cabrera	Ronnie	*****257C	-	Enxeñaría e Arquitectura	9,8831
ED481A-2018/171	UDC	García	González	Ariana	*****411F	-	Artes e Humanidades	9,5732
ED481A-2018/172	UDC	Vázquez	Novo	Vanesa	*****365V	3	Artes e Humanidades	8,8195
ED481A-2018/101	UDC	Barrientos	de la Llana	Sara	*****097Y	3	Ciencias	8,3889

Universidade de Santiago de Compostela.

Nº de expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481A-2018/066	USC	Uzal	Couselo	José Manuel	*****522M	3	Ciencias	13,2916
ED481A-2018/083	USC	Mosquera	Lois	David	*****955C	2	Ciencias	11,3199
ED481A-2018/080	USC	Lois	Prados	Cristina	*****236E	2	Ciencias	10,9507
ED481A-2018/187	USC	Vázquez	García	Tania	*****218A	1	Artes e Humanidades	10,6318
ED481A-2018/157	USC	Cidrás	Fuentes	Aldara	*****552Z	3	Artes e Humanidades	9,9992
ED481A-2018/132	USC	Mosquera	Bargiela	Inés	*****389V	1	Ciencias Sociais e Xurídicas	9,9406
ED481A-2018/037	USC	Quiroga	Carrillo	Anaís	*****480W	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	9,4625
ED481A-2018/181	USC	Saglam		Buke	*****251D	-	Artes e Humanidades	9,3029
ED481A-2018/049	USC	Rodríguez	Caramés	Santiago	*****766X	2	Artes e Humanidades	9,2763
ED481A-2018/125	USC	Terceiro	Sanmartín	Nerea	*****963B	2	Artes e Humanidades	9,2418



Nº de expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481A-2018/263	USC	Cidrás	Fernández	Diego	*****209Z	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	9,2249
ED481A-2018/087	USC	Blanco	Varela	Bruno	*****464S	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	9,1540
ED481A-2018/009	USC	Gutiérrez	Roca	Xoel	*****930P	-	Ciencias Sociais e Xurídicas	9,0855
ED481A-2018/127	USC	Rujido	Santos	Iria	*****353Q	2	Ciencias	9,0201
ED481A-2018/059	USC	Paniagua	González	Lucía	*****222Q	2	Ciencias da Saúde	8,8566
ED481A-2018/133	USC	Castro	Isdahl-Troye	Mariana Aimé	*****894R	3	Ciencias da Saúde	8,8021
ED481A-2018/202	USC	Barral	Buceta	Bran	*****420C	-	Ciencias Sociais e Xurídicas	8,7444
ED481A-2018/201	USC	Gómez	Garrido	Sandra	*****364N	2	Artes e Humanidades	8,6789
ED481A-2018/071	USC	García	Santos	Álvaro	*****564M	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	8,6276
ED481A-2018/043	USC	Mariño	Calvo	María Vanesa	*****358D	2	Artes e Humanidades	8,5927
ED481A-2018/021	USC	Mariño	Villar	Rodrigo	*****024Y	2	Ciencias	8,5660
ED481A-2018/136	USC	Corredoira	Vázquez	Julio	*****159T	2	Ciencias	8,5022
ED481A-2018/092	USC	Sampedro	López	Roque	*****721P	2	Artes e Humanidades	8,4867
ED481A-2018/055	USC	Giadás	Quintela	Miguel	*****037S	2	Artes e Humanidades	8,4632
ED481A-2018/227	USC	Rubio	Lareu	Laura	*****786S	-	Ciencias	8,4120
ED481A-2018/141	USC	Mo	Groba	Diego	*****479G	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	8,3974
ED481A-2018/057	USC	Alcalá-Galiano	Pareja	Luis María	*****987R	2	Artes e Humanidades	8,3960
ED481A-2018/129	USC	Gorgal	Romarís	Alejandro	*****224G	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	8,3239

Universidade de Vigo.

Nº de expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481A-2018/322	UVIGO	Márquez	Fernández	Irene	*****410S	-	Artes e Humanidades	9,8042
ED481A-2018/252	UVIGO	Martínez	Lorenzo	Mercedes	*****522V	2	Artes e Humanidades	9,7852
ED481A-2018/254	UVIGO	Monteagudo	Alonso	Antía	*****903Z	2	Artes e Humanidades	9,6565
ED481A-2018/275	UVIGO	Míguez	Álvarez	Carla María	*****812N	1	Artes e Humanidades	9,3650
ED481A-2018/276	UVIGO	Sentí	Janssen	Alicia	*****111M	2	Artes e Humanidades	9,2915
ED481A-2018/271	UVIGO	Castelo	Veiga	Andrea	*****901P	-	Artes e Humanidades	8,6689

CVE-DOG: cf5llei3-5bj8-izr3-j8s9-octr8ojfbvb8



Nº de expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481A-2018/339	UVIGO	Santos da Silva	Franca	Alexandra María	*****210	-	Ciencias Sociais e Xurídicas	8,4988
ED481A-2018/341	UVIGO	Pérez	Vas	Raisa	*****156H	-	Ciencias Sociais e Xurídicas	8,4044

Outras entidades.

Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona	Rama de coñecemento	Puntuación
IN606A-2018/033	Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPI) do CSIC	Canosa	Betés	Jorge	*****999L	2	Artes e Humanidades	10,8789
IN606A-2018/029	Instituto Español de Oceanografía	Carretero	Perona	Olga	*****004Q	2	Ciencias	9,6299
IN606A-2018/002	Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	Echegaray	Suárez	Noemí	*****125M	3	Ciencias	8,7942

**ANEXO IV
Listas de agarda**
Modalidade A SUG.

Nº de expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadía	Puntuación
ED481A-2018/073	USC	Farto	Vaamonde	Xián	*****851Z	2	8,1143
ED481A-2018/036	USC	Hermida	Nogueira	Lidia	*****005G	2	8,0225
ED481A-2018/178	UDC	Cid	Bengoa	Clara	*****729S	2	7,9981
ED481A-2018/314	UDC	Uzal	Varela	Rocío	*****619R	-	7,9747
ED481A-2018/154	USC	Lado	Baleato	Óscar	*****322L	2	7,9231
ED481A-2018/298	UVIGO	Vázquez	Arias	Alba	*****212H	-	7,9093
ED481A-2018/056	USC	Vivero	López	María	*****964Z	1	7,8596
ED481A-2018/134	USC	Pose	Boirazian	Tomás	*****905Z	3	7,8483
ED481A-2018/069	USC	Alonso	Rego	Cecilia	*****53M	1	7,8325
ED481A-2018/011	USC	Ameneiro	Quiñoy	Cristina	*****538W	2	7,8094
ED481A-2018/117	UDC	Concheiro	Moscoso	Patricia	*****095Y	3	7,7997
ED481A-2018/251	UDC	Arslan		Kubra	*****996V	2	7,7815
ED481A-2018/177	USC	Sanjurjo	Durán	Emilio	*****114Z	2	7,7677
ED481A-2018/232	UVIGO	Morandeira	Conde	Lois	*****087B	2	7,7622
ED481A-2018/318	UDC	Martín	Prieto	Rodrigo	*****010H	2	7,7249
ED481A-2018/109	USC	Tubío	Fungueiriño	María	*****416H	1	7,7221
ED481A-2018/301	UVIGO	Araujo	Branco	Catarina Isabel	*****183J	2	7,7129
ED481A-2018/006	USC	Riádigos	Sánchez	Irma	*****835F	2	7,6992



Nº de expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadía	Puntuación
ED481A-2018/295	UVIGO	García	Rodríguez	Michael	*****274R	3	7,6914
ED481A-2018/335	UVIGO	Herrera	Pérez	Salvador	*****260F	2	7,6493
ED481A-2018/290	UVIGO	Salvador	Gimeno	Coral	*****184Y	3	7,6487
ED481A-2018/286	UVIGO	González	de Santos	Luis Miguel	*****435B	2	7,6469
ED481A-2018/062	USC	Mallo	Abreu	Ana	*****999Y	2	7,6461
ED481A-2018/088	USC	López	Iglesias	Clara	*****470B	2	7,6302
ED481A-2018/048	USC	Campos	Romero	Hugo	*****170D	-	7,6050

Modalidade A outras entidades.

Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadía	Puntuación
IN606A-2018/020	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	Ríos	Castro	Raquel	*****059Q	2	8,3790
IN606A-2018/021	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Rodríguez	Trillo	Ángela	*****902X	-	8,3314
IN606A-2018/006	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Bao	Caamaño	Aida	*****290P	3	8,1346
IN606A-2018/011	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Couselo	Seijas	Marinela	*****399P	2	8,1338

Modalidade B SUG.

Nº de expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadía	Puntuación
ED481A-2018/262	UVIGO	Veiga	Pérez	Celia	*****869K	-	8,3202
ED481A-2018/025	USC	Lestido	Cardama	Antía	*****700G	2	8,3141
ED481A-2018/216	USC	Hernández	Núñez	Ismael	*****824A	2	8,3032
ED481A-2018/070	UDC	Rojo	Mejuto	Natalia	*****431F	3	8,2820
ED481A-2018/264	USC	Freijeiro	González	Laura	*****586J	2	8,2639
ED481A-2018/151	USC	López	Becoña	Miguel	*****730Y	2	8,2429
ED481A-2018/250	UVIGO	Malvido	Cordeiro	Sofía	*****296P	2	8,2166
ED481A-2018/031	USC	Giunchi		Eleonora	*****377J	3	8,1629
ED481A-2018/058	USC	Sanmartín	Feijóo	Sandra	*****979A	2	8,1439
ED481A-2018/242	UVIGO	García	Méndez	Silvia	*****466N	2	8,1173
ED481A-2018/068	USC	Pichel	Mira	Rafael	*****099L	2	8,1153
ED481A-2018/052	UDC	Mihai		Iuliana	*****728H	2	8,0923
ED481A-2018/067	USC	Fernández	Rodríguez	Alba	*****515H	-	8,0657
ED481A-2018/016	USC	Castro	Táboas	Iago	*****640M	2	8,0406



Nº de expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadía	Puntuación
ED481A-2018/107	UDC	Barsaglini	Castro	Anabella Soledad	*****495T	2	8,0207
ED481A-2018/234	UVIGO	Cabarcos	Rey	Adrián	*****250X	-	8,0097
ED481A-2018/085	USC	Barroso	Hurtado	María	*****131X	3	8,0036
ED481A-2018/098	USC	Fernández	Pérez	Iago	*****705W	3	7,9568
ED481A-2018/106	USC	Rodríguez	Alonso	Guillermo	*****445R	-	7,8904
ED481A-2018/081	USC	López	Fernández	Tamara	*****369P	1	7,8172

Modalidade B outras entidades.

Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI/NIE	Zona estadía	Puntuación
IN606A-2018/023	Fundación Profesor Novoa Santos	Durán	Soutela	Alejandro	*****484G	1	8,7547
IN606A-2018/003	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	González	Carrión	Francisco	*****830K	3	7,9393

